



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (27/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás dez horas e vinte e tres minutos do trinta e un de xullo de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada ese día ás dez horas.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 24 de xullo de 2025
- 2.- Adxudicación contratos menores
- 3.- Contrato menor
- 4.- Adxudicación Obras POS+ Adicional 2b/2024
- 5.- Asuntos urxentes

1. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR DO 24 DE XULLO DE 2025

Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 24 de xullo de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección por **UNANIMIDADE** dos presentes.

2.- ADXUDICACIÓN CONTRATOS MENORES

2.1 A secretaria da lectura á proposta da alcaldía que obra no expediente:

PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Adxudicación contrato menor. EQUIPAMENTO TÉCNICO ASISTENCIAL SERVIZOS SOCIAIS



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR		
Órgano de contratación:	Xunta de Goberno local	
Tipo:	Subministracións	
Obxecto:	EQUIPAMENTO TÉCNICO ASISTENCIAL SERVIZOS SOCIAIS (3 camas con carro elevador e colchóns e 1 grúas eléctrica de traslado)	
Orzamento base licitación:	4.365,00€	
Aplicación orzamentaria:	2025.231.2532.62900	
Prazo de entrega	1 mes dende a notificación de adxudicación	
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar esta subministración para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor	
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Prestación servizo de axuda no fogar Art. 3.3.a) e Disposición Adicional 4ª.1 da Lei 5/2014, de 27 de maio	
Financiamento:	Deputación provincial(POS+ Adicional gasto social 1/2025)	
OFERTAS (solicitadas/recibidas)		
IGLESIAS SALUD S.L.U.	Importe: 3.270,10	Total : 3.873,22
ESTABLECIMIENTOS ORTOPÉDICOS PRIM SA	Non presentan oferta	
ORTOTECO S.L.		

Logo de ver a oferta recibida e o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumentos que constan no acordo anterior da Xunta de goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Adxudicar ao contratista indicado, a subministración que se especifica no informe de necesidade, e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
5. Trasladar este acordo ao Negociado municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gasto.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo.

Aberto o turno de debate e sen intervencións sométese o asunto a votación resultando a proposta aprobada por **UNANIMIDADE** dos presentes, en todos os seus termos.

2.2 A secretaria da lectura á proposta da alcaldía que obra no expediente:

ASUNTO: Adxudicación Contrato Menor: SUBSTITUCIÓN XANELAS NO EDIFICIO DA CÁMARA AGRARIA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Órgano contratación	Xunta de goberno local
Número expediente:	2025/C003/000013
Tipo:	obras
Obxecto:	SUBSTITUCIÓN DE XANELAS segundo proxecto técnico
Código CPV:	45421100 Instalación de portas, ventás e outros elementos
Orzamento base licitación:	32.755,80€
Aplicación orzamentaria	2025.1722.2542,62900
Prazo execución:	2 meses (data límite 10/10/2025)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Necesidade a satisfacer: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar esta subministración para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor.	
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	" ...equipamentos da súa titularidade", art. 25.2.d) da Lei 7/1985	
Financiamento:	XUNTA DE GALICIA-Fondo de compensación ambiental 2025	
OFERTAS (solicitadas/recibidas)		
MANUEL DOPAZO SANCHEZ	Non presenta oferta	
ANTONIO DOVAL LÓPEZ	Importe: 23966,94	Total: 29000,00
ALUMINIOS CARBALLIÑO, SL	Importe: 29000,10	Total: 35090,12
ALUMINIOS LA GANDARA SLU	Importe: 33536,40	Total: 40579,04

Logo de ver as ofertas recibidas, o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico e o resto da documentación do expediente, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumento que constan no acordo que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén na dita providencia, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a

reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato e pola urxencia de executar as obras para poder xustificar en prazo a subvención que as financia, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Adxudicar ao contratista, Antonio Doval López, no prezo de 29.000,00€, o máis barato dos recibidos, as obras que se especifican na memoria técnica, e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Notificar este acordo ao adxudicatario e o resto de licitadores, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017, e indicarlle que as obras teñen que estar executadas e rematadas o 10 de outubro 2025, por mor da subvención que as financia.
5. Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo

Aberto o turno de debate e sen intervencións sométese o asunto a votación resultando a proposta aprobada por **UNANIMIDADE** dos presentes, en todos os seus termos.

3.- CONTRATO MENOR

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía que obra no expediente:

- XESTIÓN DE PROPOSTAS -

2025/G006/000047

Contrato Menor. MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA EDIFICIOS TITULARIDADE MUNICIPAL.

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Número expediente	2025/C002/000018
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local
Tipo:	obras
Obxecto:	ACTUACIÓNS PARA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS, segundo proxecto técnico que consta no expediente.
<i>Código CPV:</i>	09300000-2 Electricidade, calefacción, enerxía solar ...
<i>Orzamento:</i>	33.641,71€
<i>Prazo execución:</i>	Segundo proxecto 18 días laborais, en todo caso as obras deben estar rematadas o 30/10/2025
<i>Necesidade a satisfacer: (art. 118.1 da Lei 9/2017)</i>	O Concello ten a necesidade de contratar estas obras para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
<i>Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):</i>	Lei 7/1985: art.25 2a) conservación edificación Art.25 2b) outros equipamentos de titularidade municipal art. 25.2l) instalacións deportivas
<i>Financiamento:</i>	Xunta de Galicia-Fondo de cooperación local -Fondo adicional

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque as obras comprendidas nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e/ou son inseparables, de maneira que non é posible a súa execución de maneira separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios propios persoais ou materiais adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118.3 da Lei 9/2017). O seu valor estimado é inferior aos 40.000,00 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificandos



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

tamén economicamente á vista da natureza e contía do contrato e pola urxencia de levar a cabo as actuacións para poder xustificar a subvención en prazo.

Visto o documento contable RC e informe de data 30/07/2025 que acredita a existencia de crédito adecuado e suficiente para a licitación pretendida e se constata a competencia do órgano Xunta de Goberno Local a razón do valor estimado do contrato.

Propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Iniciar a contratación do expediente referenciado ao principio.

Segundo: Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

Terceiro: Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

Cuarto: Que se emita informe pola Secretaría-Intervención sobre os seguintes extremos:

Lexislación aplicable

Procedemento a seguir para o contrato menor

Quinto: Que unha vez que se deixou constancia no expediente da existencia de crédito por medio de documento contable RC e informe de intervención asinados o día 30/07/2025, procédase a solicitar oferta ás empresas que se relacionan deseguido, que considero capacitadas para a execución do obxecto do contrato, para que, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o seguinte ao que reciban a invitación, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolles saber que non se admiten variantes e que o único criterio de adxudicación será o prezo máis baixo.

APEX SISTEMAS S.L

ELECTRICIDAD CRUCEIRO,SL.

SANTIAGO J. PERMUY RIVEIROS (Electricidad Permuy)

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo

Aberto o turno de debate e sen intervencións sométese o asunto a votación resultando a proposta aprobada por **UNANIMIDADE** dos presentes, en todos os seus termos.

4.- ADXUDICACIÓN OBRAS POS+ ADICIONAL 2B/2024

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía que obra no expediente:

PROPOSTA DE ACORDO

Adxudicación Obras POS+ Adicional 2b/2024

Logo de ver o expediente de contratación da obra contida no proxecto nomeado, modificado proxecto instalación parque infantil no lugar de Rebordelo, cun orzamento de 77.017,76€, financiada pola Deputación Provincial a través do Plan POS+Adicional 2b/2024, que o contratista que a Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero considerou que era o que presentaba a oferta máis vantaxosa que podía ser cumprida e que foi requirido, tras efectuar positivamente as comprobacións do artigo 159.4. f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector, en adiante LCSP, para que cumprira co establecido nas cláusulas 16.1.1 e 16.1.2 do Prego, xa lle deu cumprimento, constituíu as garantías, complementaria e definitiva e presentou as acreditacións necesarias segundo o informe do Arquitecto contratado para o efecto, D. Antonio López Rodríguez, e o informe de fiscalización da Secretaría-Intervención de data 29/07/2025, *DE CONFORMIDADE tendo en conta como observación, o indicado en canto á acreditación a aportar polo adxudicatario antes do inicio da obra, en canto aos medios persoais adscritos á execución do contrato.*

Por todo o exposto, propónse ao órgano competente a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Monfero que aparecen reflectidos no expediente de contratación tramitado e, en concreto e sen ánimo exhaustivo, os referentes á admisión e rexeitamento das ofertas presentadas, de clasificación, por orde decrecente (Anexo), atendendo unicamente ao prezo, das que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 149 da LCSP, e a proposta respecto destas.

2. Adxudicarlle o contrato da obra descrita no proxecto técnico nomeado, **modificado proxecto instalación parque infantil no lugar de Rebordelo**, á empresa, INSTALACIONES BAHIA PARK, SL., no prezo 45752,05€, total de 55359,98 €, e de acordo co resto de características da súa oferta que constan no expediente, pola necesidade de dotar á zona das obras que se describen no devandito proxecto e considerar, en harmonía coa proposta da Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero, coa mesma motivación, que a súa oferta é a máis vantaxosa que pode ser cumprida, coa condición que debe de ser cumprida antes do inicio da obra en canto aos medios persoais adscritos a



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

execución do contrato, segundo o indicado no informe técnico que obra no expediente en canto a que: **...//...o persoal indicado que consistirá en catro operarios, un oficial de 1ª e 3 oficiais de 2ª, e puntualmente un operario adscrito (maquinista/conductor) os cales traballarán conxuntamente e de forma coordinada e simultánea durante a totalidade do desenvolvemento da obra e en toda a franxa horaria ao longo do prazo de execución previsto.**

Previo inicio dos traballos deberá achegar a documentación xustificativa do operario adscrito maquinista conductor, que con carácter mínimo, deberá contar con A persoa designada que se cita ten ampla experiencia e conta con permiso de condución tipo C e con carnet para o manexo de carretillas elevadoras, excavadoras e plúma-grúa, encontrándose ditas autorizacións en vigor.

3. Aprobar o gasto correspondente, dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria
4. Nomear Coordinador de Seguridade e Saúde e Director Técnico das Obras a D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto.
5. Notificar este acordo a D. Antonio López Rodríguez, ao adxudicatario e ao resto dos licitadores.
6. Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP).
7. Requirir á empresa adxudicataria para a formalización do contrato, dentro do prazo máximo 15 hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que se reciba a notificación da presente adxudicación.
8. Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).
9. Logo de asinar o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, axustado ao Estudio Básico de Seguridade e Saúde do proxecto, para a súa aprobación pola Alcaldía, tras o informe do Coordinador de Seguridade e Saúde. Con anterioridade ao comezo das obras o contratista presentará na Consellería de Traballo e Benestar, a apertura do centro de traballo e comunicaráo ao Concello, e, unha vez efectuado este trámite, procederá a comprobación do reformulo e comezo das obras.
10. As obras someteranse a un control de calidade externo, que levará a cabo unha empresa especializada neste tipo de controis, que contratará o concello, segundo o previsto na cláusula 29 do PCAP.
11. Anexo



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ORDEN	EMPRESA LICITADORA	OFERTA (sin IVA)	PUNTOS	ESTADO
1	INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	45752,05	100,00	ADMITIDAS
2	RUBBER PLAY	51815,00	78,23	
3	BRICANTEL ESPAÑA SL	52056,44	77,36	
4	CESPEDPARK SLU	52193,85	76,86	
5	OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L	52353,00	76,29	
6	NEOPARK	52820,00	74,62	
7	OMIP S.L.	53604,49	71,78	
8	SPORT EQUIPALIA, S.L.U.	55000,00	63,42	
9	OTEELEC COSTA NORTE, S.L.	56437,10	52,87	
10	GLOBALIA	56555,81	52,03	
11	SOTEGA NOROESTE SL	56872,21	49,70	
12	CRECHE CONCEPT INVEST S.L	59800,00	28,23	
13	PAVIPOR SPORT, S.L.	62187,07	10,73	
14	JARDINERIA ARCE S.L	62696,28	7,00	
	BENITO URBAN, S.L.U.	47900,10	92,29	



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	GROMA OBRAS, S.L.	48807,59	89,02	EXCLUIDAS
	ACTIVA PARQUES Y JARDINES S.L.	49268,88	87,38	
	URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.	49368,34	87,01	
	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	49965,00	84,66	
	OURI ENTRETENIMIENTOS SL	50013,00	84,70	

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo

Aberto o turno de debate e sen intervencións sométese o asunto a votación resultando a proposta aprobada por UNANIMIDADE dos presentes, en todos os seus termos.

4. ASUNTOS URGENTES

Non hai

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dez horas e corenta e seis minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certífico.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos